**Villardebós IV, 1, Terroso, Villardebós**

CD 205 3 - 4

Xente da aldea
Marzo 1981

IV,1, 164. 68) Lugarciño de Terroso
de lonxe parece vila
/: si non fora aquela serra
que tén ó lado deriba. :/ (11)

**Sen transcribir**

---

230. 4' 22 69) veciña:
a) Ahora que me puxeche
a barrighiña redonda
ou t'har de casar conmigo
ou has me de paga a honra. (12) V 41 a V 300 a

veciño
b) A honra dunha meniña
non se paga con diñeiro,
págase co mismo corpo
sendo dun mozo solteiro.

239. 70) Chegat'ela, chegat'ela,
chegat'ela e dáll'un bico,
se non fora pola xente
xa lle tiñas dado cinco. (13)

---

(4) Xan Guindán

248 1) Xan Guindán querse casar
non tén a muller buscada,
foille fache-lo amor
á filla da tía Xuana. (14) IV 49 b IV 12 c

2) "Buenas noites, tía Xuana,
¿iónde lle vai a rapaza?"
"Foi busca-lo gas prá noite,
xa me parece que tarda."

3) Entrou a meniña
pola porta para dentro:
"Buenas noites, Xan Guindán,
táigote no pensamento."

4) "Tu diralo de risas
pero eu dígocho de veras
hai un ratiño que estou
a quecer eiquí as canelas."

5) "¿E logo tén muito frío?"
"Nunca Dios tanto me dera,
seica me querías quecer
ahora prá primavera."